



## **BANDO LEMBRANDO AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA**

*Don Juan Carlos García Pose, alcalde do Concello de Coristanco*

### **FAI SABER**

1. Comunícase ás persoas responsables que dispoñen **ata o 31 de maio** para o cumprimento voluntario da súa obriga para xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas nos seguintes termos:
  - **nunha franxa de 50 metros** perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
  - Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada **non poderá haber especies como eucalipto, pino, acacia, mimosa, toxo, fieitas, entre outras.**
2. En caso de incumprimento transcrito o devandito prazo, o concello poderá proceder á **execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa** e, se é o caso, **comiso das especies arbóreas** prohibidas retiradas pola Administración, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 3/2007, podéndose iniciar o correspondente **procedemento sancionador.**
3. Contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer (Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, en relación co disposto no artigo 50.1 da Lei 3/2007, artigo 74), segundo a súa cualificación:

**leve: 1.000€**  
**grave: 100.000€**  
moi grave: 1.000.000€
4. Procederase ao **comiso cautelar da madeira resultante** da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas de acordo co establecido no 22.2 da Lei 3/2007.

Para máis información pode contactar co Concello no 981.73.30.01

O que se fai público para xeral coñecemento, en Coristanco, a 5 de marzo de 2021

*Coristanco, asinado electronicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, na data que figura á marxe*

